

Os primeiros pasos do Rock na Coruña e na comarca

Breve introdución cronolóxica

ALICIA LONGUEIRA MORIS

A chegada do rock a Galicia, e á cidade da Coruña e a súa comarca en particular, prodúcese arredor dos anos 50 e 60, aínda que non será ata os 70 cando realmente comezan a darse a coñecer grupos locais que experimentan con esta nova forma de expresión artística. Isto acontece cando aparecen as primeiras referencias ás bandas ou artistas ingleses e norteamericanos que xa viñan marcando tendencia co *rock and roll* desde os anos 40 nos seus respectivos países. Falamos de *Elvis Presley*, *Chuck Berry*, *Jerry Lee Lewis*, *Bill Haley & His Comets* ou *Little Richard*, pois son algunhas das figuras máis relevantes e que máis sonaban naquel momento.

O *rock and roll* chegou a España a finais dos anos 50 e foise consolidando pouco a pouco a través de diferentes vías tales

como a publicación de discos orixinais, os medios que falaban da nova moda americana e tamén grazas á influencia cultural francesa e italiana. Tampouco pode obviarse unha certa influencia exercida polas bases militares estadounidenses na península que favorecían o intercambio musical nas áreas de contacto.

As primeiras manifestacións que teñen lugar en España e en Galicia versionaban ou imitaban os estilos dos grupos foráneos, mais non tiñan no seu inicio un perfil creador definido.

En xeral estas agrupacións formáronse a partir de grupos folk e, en grande medida, das orquestras, xa que estas eran as que tiñan os instrumentos e os medios que permitían aos músicos poñer a súa creatividade en marcha.

Hai que pensar que nos anos 60, e aínda ben chegados os 80, dispoñer de instrumentación axeitada supoñía unha considerable inversión que só os máis privilexiados podían levar a cabo. Os amplificadores e outros complementos de son proviñan de equipos de casas como Semprini, Sinmarc ou da fábrica Talmus, en Valencia.

Os concertos destes anos tiñan lugar en salas de festas como a do Seijal ou, xa na Coruña, na Galera, o Petit Lar ou na Guaraní. A súa esencia estaba

máis próxima ao guateque yeyé e as voces que soaban eran as de grupos como os *Samars*, *Los Sombras* ou *Los Capris*, por citar algúns exemplos.

En todo caso, a década dos 60 está marcada, sen dúbida, pola existencia do grupo pop *Los Tamara* e, xa máis próximos ao rock, o grupo *Generación 49 del Ballet Gallego*, que facían versións de grupos españois e estranxeiros e música instrumental, respectivamente. Aínda así, o rock non foi un produto de masas nestes anos, pois non había unha proxección especial a través dos medios de comunicación como a radio ou a televisión.

Foron Ángel Álvarez, locutor de radio, e Isidoro Álvarez, presidente de El Corte Inglés, ambos os dous en colaboración, os que se propuxeron difundir este novidoso estilo musical: o primeiro a través do programa de radio *Vuelo 605* (1963), e o segundo a través da venta de discos na sección musical de El Corte Inglés. Aínda así, os discos eran naqueles anos un produto de luxo e non foi ata a chegada do casete que se produciu unha certa democratización da música.

Seguindo unha orde cronolóxica podemos distinguir varias etapas desde a chegada do rock á Coruña e á súa comarca, o que non exclúe a mención de bandas

e grupos de especial renome que, se ben procedían doutras áreas, marcaron unha tendencia de gran influencia no noso entorno.

OS ANOS 70

Destacamos nesta altura a presenza da banda santiaguesa *NHU*, primeiro gran grupo de rock progresivo galego, aínda que de efémera duración. Resulta de especial transcendencia esta agrupación porque foron dos primeiros en utilizar o galego nas súas composicións. Aínda que a súa intención inicial era a de dedicarse profesionalmente á música, o caso é que arredor dos anos 80 a agrupación acabou desfacéndose.

Nesta década non se pode obviar a figura da coruñesa Tara, María Teresa Pérez Guerra, cantante precoz cuxa figura feminina destaca en medio dun mundo onde predominan as voces de home. Tara foi introducida por Augusto Algueró na recoñecida compañía discográfica Polydor e, se ben a súa non foi unha produción especialmente prolífica, o certo é que traballou con diferentes estilos tales como o pop, o rock e o soul e a súa voz tiña un matiz especial.

Outra das agrupacións vitais destes anos foi *Goma 2*, de Pontevedra, precursor do que despois sería o Rock Bravú. Tamén *Goma 2*, como *NHU*, empregaba o galego como lingua para as súas composicións. A modo de curiosidade debemos sinalar que a participación desta banda foi descartada dentro do programa televisivo *Aplauso* ao seren acusados dunha suposta apoloxía do terrorismo polo seu nome.

O 5 de agosto de 1974 o Concello da Coruña organizou un "Festival de la Juventud" no que contou co grupo de orixe africana *Osibisa*. Esta agrupación musical, liderada por Teddy Ossei, provocou emocións encontradas, dado que entre o público de maior idade non causou unha impresión especialmente favorable, mentres que os máis novos viviron con intensidade e fervor unha música que é "ritmo, mucho ritmo y sobre todo ritmo", segundo describía o cronista de *La Voz*. En conxunto, a música de *Osibisa* era unha mestura entre as formas de occidente e os ritmos de África. De feito, eles representaban o rock africano: "un poco de jazz, otro poco de soul y algo de samba". En resumo, en *La Voz de Galicia*

definían este combinado como un auténtico explosivo.

O 13 de abril de 1975, tamén na sección de música de *La Voz*, Nonito Pereira alegrábase de que "¡Por fin! Parece que de una vez por todas alguien se acuerda de Galicia para programar conciertos de música "rock". Referíase a un concerto que tería lugar o 10 de maio na Coruña no que actuarían *Los Canarios*. Este concerto sería antea sala doutros que virían máis tarde e que irían afacendo o oído do público aos novos ritmos.

Nun artigo publicado o 27 de xullo, aparecía en *La Voz* unha interesante nota referida á adaptabilidade do castelán á música rock en relación coa figura do cantante Noel Soto. Este aspecto resulta especialmente relevante se pensamos nos grupos antes mencionados (*NHU* e *Goma 2*) e se temos en conta que un dos pilares esenciais do rock bravú posterior (de principios dos 90) foi, precisamente, o seu compromiso coa lingua, xa que o galego foi premisa fundamental á hora de escribir as súas letras.

A mediados de 1976 chegaba á Coruña "Hair", a primeira ópera-rock que se escoitou na cidade. Pasaran doce anos despois da

súa estrea en Broadway baixo o título xenérico de “Ópera rock de Amor Tribal”. Se ben a súa liña estaba trazada con cancións de estilo *hippie*, acabaría dando paso tempo despois a obras tan famosas como “Jesucristo Superstar” ou “Quadrophenia” de *The Who*. Nesta década aparecerían outras óperas-rock protagonizadas por artistas da talla de *Queen*, *Pink Floyd* ou *Génesis*.

E chegamos así a 1977. Este ano vai ter lugar o maratón “Festival Rock 77”. Destaca a prensa destes anos o afán por promocionar a música rock en Galicia a través das cidades máis importantes (A Coruña, Vigo ou Santiago) facendo especial fincapé na compatibilidade entre este xénero novidoso e a canción típica galega. Con tal motivo xurden concertos e maratóns dedicados á promoción de grupos locais que se mesturan con recoñecidos grupos foráneos. O maratón “Festival Rock 77”, cuxa entrada costaba 300 pesetas, tivo lugar o 25 de xullo de 1977 e reuniu durante oito horas de música rock continuadas as actuacións de grupos como *Triana*, de Andalucía, *C.E. Dharma*, de Cataluña, *Aquelarre*, de Arxentina, *Asfalto* e *Coz*, de Madrid, *Vaderetro*, grupo

hispano-australiano, *Azúcar*, de Ferrol e *War-Men*, de Santiago que dispuxeron naquel entón de 4.000W de son, un sistema novidoso na altura. Posteriormente, en Vigo, organizarían outro maratón de vinte e catro horas de música no que, en principio, estaba programada a participación dos grupos *Titanic*, *Santana* e *Led Zeppelin*, se ben isto non chegou a suceder.

Mentres todo isto acontecía en Galicia, a título de curiosidade, comentaremos unha noticia que apareceu en *La Voz* o 4 de novembro de 1978, que chamou a nosa atención polo contraste que supoñía o seu contido en relación co que estaba pasando aquí. Trátase da curiosa (e macabra) petición do grupo punk británico *Anti Social*, que buscaba un voluntario suicida que se prestase a deixarse guillotinar no número forte do seu espectáculo. A súa intención era chegar a converterse no grupo punk “máis violento del mundo”. Como contraprestación, a familia recibiría unha substancial suma a modo de indemnización. Non sabemos cal foi o resultado desta petición, pero non deixa de resultar, cando menos, chamativa.

OS ANOS 80

A década dos anos 80 é a década da “movida madrileña” que, en Galicia, deu o seu froito coa homónima “víguesa” encabezada polo grupo *Siniestro Total* de Julián Hernández, e *Os Resentidos*, liderados por Antón Reixa e vencellados ao grupo poético Rompente. Estas agrupacións saíron de Vigo xunto con *Aerolíneas Federales*, *Golpes Bajos* ou *Semen Up*, entre outras. Nesta década xurde en Carballo o grupo *Metro*, gran triunfador do Concurso de Rock da Cidade da Coruña que tivo lugar en 1982.

Mentres, na cidade marinedina, estaba coroando as olas do mar herculino o mítico grupo *Radio Océano* liderado polos xornalistas Johnny Rotring, nome artístico de Xosé Manuel Pereiro, e Ross Mero, Santiago Romero. Xunto con *Viúda de Gómez* e *Hijos*, estas dúas bandas fixeron fronte ao poderío vigués. *Radio Océano* convertírase nun referente do rock galego, post punk. A súa involucración co mundo cultural lévase a cabo dun xeito especial co poeta Lois Pereiro e lévaos a colaborar tamén coa revista *A Naval*.

Vexamos agora algúns dos acontecementos máis salientables destes anos na cidade da Coruña.

O 4 de xuño de 1980 actuou o grupo *Uriah Heep* no Pavillón de Deportes da Coruña cun resultado altamente positivo, segundo expresou no seu día a organización: non é que gañasen cartos pero tampouco os perderon, di *La Voz de Galicia*. En todo caso, o concerto servíu para constatar que o público coruñés estaba ben predisposto para asistir a este tipo de acontecementos musicais.

A finais de ano 1981 actuou o famoso conxunto *Los Ramones*. A actuación deste mítico grupo tivo lugar o 13 de novembro, ás dez e media da noite no Pavillón dos Deportes da Coruña e asistiron unhas 5.000 persoas, fundamentalmente adolescentes entre 13 e 17 anos. O concerto durou uns 80 minutos e tal vez o único elemento distorsionante, en palabras do cronista foi o exceso de watos. O grupo galego *Los Suaves* actuou ese día como abreconcertos. En palabras de Nonito Pereira “Nos parece una excelente idea la de potenciar las formaciones de rock de Galicia, de ir las fogueando en actuaciones de gran categoría, como la de hoy, para que, entre otras muchas cosas, cojan confianza y escena” (*La Voz de Galicia*, 13/11/1981). Cómpre salientar que o grupo ourensán levaba apenas un ano

formado experimentando o rock con versións de grupos como *Sex Pistols* ou *Kinks*. Pola súa banda, *Los Ramones* sacara o seu primeiro disco en 1976. Como mostra da pegada do rock en Galicia nesa altura e do pulo que estaba collendo esperábase a chegada de espectadores afeccionados ao rock procedentes de toda Galicia. Coa actuación de *Los Ramones* consumábase este reducto do noroeste peninsular como parte dos circuitos favorables para a organización de grandes concertos de rock.

1982: Un ano decisivo

O 19 de marzo de 1982 tivo lugar o I Festival de Rock de Cecebre, no que actuaron os grupos *Blancanieves* (creadores do “Rock blanco con leche”), *Degenerador*, *Ozono*, *Revólver*, *T.N.T.e Thor*, de Betanzos. Pouco antes celebrárase outro festival en Sada, con grande éxito e moi boa valoración na prensa coruñesa que, ao tempo, semellaba lamentarse de que o concello da Coruña non se dese decidido a organizar a celebración dun Festival-Concurso de rock. Ao día seguinte, en Ferrol, tería lugar outro festival onde tamén estarían *Blancanieves* e *Thor*, ademais de *Polen*, *Lasser* e *Alien*.

No Pavillón de Deportes da Coruña actuou o grupo de heavy-rock *Barón Rojo*. Foi o 27 de marzo de 1982, un ano despois da súa creación e de ter dado un exitoso concerto en Londres, o que lle confería un interese especial ao evento. A expectación causada por esa actuación fixo que se colocasen dúas pantallas xigantes aos lados do escenario a fin de ampliar a proxección do concerto, unindo todo isto a unha potente iluminación. Curiosamente, o teloneiro de *Barón Rojo* na Coruña foi o grupo inglés *Stray*, unha banda xa veterana. Con *Barón Rojo* actuou o saxofonista británico Mel Collins, que colaborou estreitamente con eles na gravación do seu disco “Volumen brutal”. Isto dá unha idea da forza que estaba adquirindo esta banda naqueles anos. Ao día seguinte, de feito, actuaría en Pontevedra. Unha vez máis recorreremos a Nonito Pereira e a *La Voz de Galicia*, na sección musical “Voz joven”, que dedicaba o seu espazo á actualidade musical. O éxito desta actuación quedou constatado na prensa do día seguinte: “...algo ha quedado en evidencia y es la mayoría de edad de los jóvenes rockeros gallegos que, por número y comportamiento, se han hecho acreedores a que las grandes

estrellas de rock y el pop se acerquen por estos andurriales rockanroleros con garantía de éxito.”

O éxito do rock nestes anos queda demostrado cando lemos nos xornais os programas musicais que tiñan lugar en diferentes puntos da comarca como Cecebre, Sada, Ferrol, Santiago, Vigo ou A Coruña de xeito case ininterrumpido e con moi pouca marxe de tempo entre uns e outros.

O 26 de abril de 1982 estivo na Coruña a *Orquesta Mondragón* na súa xira por Galicia. Congregou ao seu redor cerca de 6.000 persoas que disfrutaron da súa música, aínda que houbo algúns problemas técnicos co son, segundo contan os cronistas.

Por outra parte, ao longo da primeira quincena do mes de xullo dese mesmo ano celebrouse o I Concurso de Rock “Cidade da Coruña” que, segundo uns non obtivo o éxito esperado en canto que o número de asistentes non se correspondeu coa previsión dos organizadores do concello e segundo outros o éxito non tivo dúbida. En todo caso, quedámonos coa frase de Nonito Pereira (*La Voz de Galicia*, 16/07/1982): “Un último ruego: por favor, no politicen el tema.

No le nieguen el pan y la sal de los conciertos de rock a los miles y miles de aficionados jóvenes física y mentalmente, y no intenten, como así se hizo, potenciar la provocación y los enfrentamientos generacionales. Quienes así lo hagan deben darse cuenta que su sitio no está en una sociedad que proclama la libertad de expresión”.

Entre os finalistas, seis bandas de gran calidade, entre as que destaca *Siniestro Total* (cuxo líder é definido por Daniel E. Loncan como un auténtico “showman con una voz que vale un montón” (*La Voz de Galicia*, 16/07/1982). Ademais, *Polenta, Bar, Épsilon, Viúda de Gómez e Hijos* e o gañador, que foi *Metro*.

Resulta moi interesante o comentario referido por M. Soto Viso no artigo de *La Voz de Galicia* do 5 de xullo, despois da segunda semifinal do concurso: “Una vez más, los grupos concursantes gallegos cantaron en castellano, idioma en el que habló el presentador los dos días. Teniendo en cuenta, pues, el tipo de música que se hizo y el idioma en que se cantaba, lo único gallego es el nombre del concurso y la procedencia de los concursantes. Al igual que el día anterior, los estilos musicales fueron variados y, a menudo, sin mayor relación con lo que se

entiende por rock. Este es el caso del grupo invitado *Mamá*, cuya calidad –al igual que había sucedido el día anterior con *Nacha Pop*– no era superior a la de los grupos concursantes.”

Como nota anecdótica, en relación con este primeiro concurso, non hai que esquecer a indumentaria e os complementos dos participantes, que tamén foron obxecto de comentario por parte dos xornalistas. Isto suscitou certos reproches dado que polos escenarios dos concertos circulaba a expresión de “perro-rockero” para referirse aos artistas e ao “pintoresquismo” do ambiente.

A polémica do ano veu dada pola suspensión do Festival de Rock que ía ter lugar o 18 de agosto na Coruña, dentro do programa de festas, no que ían participar os premiados no primeiro Concurso de Rock “Cidade da Coruña”, *Metro, Épsilon* e *Bar*, e que non puido celebrarse debido a certos comentarios que definían este estilo musical como elemento portador de “polución moral” para a xuventude. Contábao Nonito Pereira, o cronista da sección “Voz Joven” de *La Voz de Galicia* e afirmaba que “sólo falta que el trato cordial entre generaciones siga su curso, sin

personalismos dogmáticos que conducen a situacións molestas y desagradables”. En todo caso, o Sindicato Galego da Música publicou unha nota na que se queixaba do “desinterés prestado por la comisión de fiestas del Ayuntamiento de La Coruña hacia la buena organización de este festival y la falta de respeto al público asistente demostrada ostensiblemente ante la inexistencia de explicaciones al público congregado en el parque de Santa Margarita, argumentándose por parte de personas allegadas al Ayuntamiento “que como no habían pagado entrada, no tenían derecho a exigir nada”. Ante tal proceder, a SGM pasou a efectuar as pertinentes denuncias. Ese mesmo ano, 1982, actuarían *The Rolling Stones* en España, algo que creou unha grande expectación.

A finais de 1983 ía celebrarse o II Concurso de rock “Cidade da Coruña”, se ben tivo que ser aprazado ata o día 8 de xaneiro de 1984 por motivos técnicos. Na final deste concurso tomarían parte os grupos *Radio Océano* (A Coruña), *Los Buzos* (Vigo), *Aerolíneas Federales* (Vigo), *Bajo Presupuesto* (A Coruña), *Viúda de Gómez e Hijos* (A Coruña) e *Control Remoto* (Vigo).

O día 28 de xaneiro tivo lugar o concerto “Las fuerzas atroces del Noroeste”, que pretendía ser o primeiro dunha longa serie denominada Rock Inkorporado inaugurado o 7 de xaneiro. Trouxo á Coruña unha serie de grupos do eixo atlántico. O “Rock Inkorporado” tiña como obxectivo presentar un grupo de primeira categoría cada fin de semana. A primeira edición, na que participou o grupo *Siniestro Total* foi emitida a través de Radio Tres no programa “Esto no es Hawai”, o que contribuíu a que A Coruña figurase como un punto de referencia para os amantes deste tipo de música. A balanza Vigo-A Coruña canto á solidez e profusión de bandas de rock, inclinábase notoriamente cara a Vigo, pois era alí onde se crearon, coa “movida viguesa”, máis grupos de rock, punk, etc., liderados por *Siniestro Total*, *Aerolíneas Federales* ou *Os Resentidos*, fronte aos coruñeses de *Radio Océano*. En parte, esta proliferación de grupos en Vigo tiña que ver coa existencia de locais nos que podían reunirse para tocar. Nese sentido, a celebración dos concertos de Rock Inkorporado, que se tiñan lugar no Gran Casino organizados pola “Corporación” (formada por un grupo de profesionais do mundo da música) marcou un paso adiante na evolución do rock

coruñés, no que non só participaban grupos galegos senón foráneos como *Derribos Arias*. Á marxe da programación de concertos, a “Corporación” tiña como obxectivo a creación dunha revista-fanzine, “El lado salvaje”, a través do que pretendía difundir as novidades relacionadas coa modalidade da “Rock Ola”, tan controvertida. Outras das súas intencións era crear un selo discográfico e unha produción de vídeos de alta calidade.

O 24 de febreiro de 1984 houbo un segundo concerto de rock en Cecebre no que tocou o grupo *Área Cero*, mais xa non tivo este evento tanta transcendencia como o do 82. Ese mesmo ano, no descanso da verbena das festas de Cambre, actuou o grupo de rock *Zenor*, desde as doce ata as doce e media da noite.

E, mentres isto sucedía en Cambre, a Universidade da Coruña premiaba a Antón Reixa, membro do grupo “Rompenite” e letrista de *Siniestro Total* ou *Os Resentidos*, pola súa “Historia do Rock and Roll”. O colectivo “Rompenite” creárase arredor de 1975 en Vigo e a el estaban subscritos outros autores como Alfonso Pexegueiro, Alberto Avendaño e Manuel Romón. Este último tamén escribiu letras para *Siniestro Total* e para *Os*

Resentidos e combinou diversas disciplinas artísticas. Reixa foi, ao fin, o continuador do espírito “Rompente” cando a forza do grupo comezou a minguar. O facho deste colectivo recolleríano despois, dinos Helena González Fernández no artigo *Rompente: Poderosa pomada*, as novas xeracións dos anos 90.

Ao remate deste ano estaba programado un concerto de tres días (23, 24 e 25 de decembro) no Pavillón dos Deportes, mais tivo que suspenderse debido a unha falta de coordinación organizativa dado que os días anterior e posterior ás xornadas musicais, que sería cando montarían e desmontarían o escenario e os equipos, o persoal técnico responsable do servizo municipal de deportes declarou que, fóra deses días, as actuacións musicais impedirían o bo desenvolvemento do segundo torneo Caixa Galicia de hockey. Estaba previsto que actuasen nese concerto *Los Ilegales*, *The Monitors* e *Derribos Arias*.

En todo caso, despois de 1982, ano marcado por unha efervescencia roqueira importante, os seguintes anos estiveron caracterizados por unha liña máis ou menos continua de actuacións. Como

exemplos citamos a do mércores 7 de agosto de 1985, dentro do programa de festas da Coruña. Ese día celebrouse o segundo festival de rock no que estiveron grupos moi variopintos de “rockers”, “teddys”, “moods”, “poppys” e “punkabillys”., tal e como describe Nonito Pereira no artigo do 8 de agosto en *La Voz*. Os máis famosos entre os presentes foron *Gabinete Caligari*, *Los Elegantes* e *La Frontera*. O concerto foi no Palacio dos Deportes ás dez da noite. Pouco tempo despois o grupo *Línea Opuesta* actuou na Praza de España, o 6 de setembro dese mesmo ano, dentro do programa de festas organizado pola Asociación de Veciños Atocha-Monte Alto.

En decembro tivo lugar un concerto pop-rock o día propio de Nadal, no Pavillón Municipal de Deportes, co grupo vigués *Semen Up* e o grupo asturiano *Los Ilegales*. Este concerto aparecía recomendado por Antena 3 de Galicia. O obxectivo dos concertos de Nadal tiña como prioridade fomentar a confraternidade xuvenil despois da festa familiar de Noiteboa.

En 1986 ten lugar a primeira edición do Noroeste Pop Rock. Comezou como soporte para os grupos locais (como faría poucos anos máis tarde o Rock in

Cambre), e, ao mesmo tempo, para que os afeccionados a esta música tivesen ocasión de escoitar algunhas das voces máis importantes do rock.

Non estivo exento de certa polémica a través da prensa, xa que na sección “Tribuna aberta” de *La Voz de Galicia*, publicouse unha carta dun grupo de mozos que asistiron ao primeiro concerto do Noroeste. Nesas cartas atacaban un comentario de Ruper de Fuentes no que, á súa vez, criticaba sobre todo o uso do alcohol e das drogas e mesmo certas relacións homosexuais presenciadas en público.

Esta primeira edición estaba programada para ser levada a cabo ao aire libre, en Adormideras, mais a previsión do tempo non auguraba nada bo, polo que se cambiou de localización e, finalmente, os concertos trasladáronse ao Palacio dos Deportes. Algúns dos grupos participantes foron *Os Resentidos*, *Glutamanto yeyé*, *Peor Imposible* ou *Radio Océano*.

Tamén no 1986 na Coruña organizouse o concerto “Navidad Pop Rock” que rememorou o do ano 85 que levara ao Pavillón dos Deportes (inicialmente estaba previsto que tivese lugar

en Adormideras) a grupos como *Semen Up* e *Los Ilegales*. No ano 86 o concerto de Nadal acolleu as bandas de *Los Dramáticos* e *Aerolíneas Federales*.

OS ANOS 90

Nos anos 90 comezou unha nova etapa no rock galego: foi a chegada do Rock Bravú, o rock dos *Diplomáticos de Monte Alto* con Xurxo Souto á fronte, *Os Rastreros* de Chantada, *os Heredeiros da Crus* e moitos outros grupos que se presentaban cun concepto innovador relacionado coa reivindicación do rural, da terra e co uso do galego neste estilo musical. O Rock Bravú bebe dos grupos folk, da *Roda* e de *Milladoiro*, de voces coma a de Pucho Boedo e de orquestras como *Os Satélites*. A súa esencia descríbena Manuel Rivas cando di “Os do rock bravú forman parte dunha confederación irmandiña, sen programas nin ideas concibidas, nin uniformes. Unidos pola terra, a lingua e a música, peiteados polo vento, os guerreiros rozan as corredoiras cegas”. A súa literatura é, pois, a literatura de de Manuel Rivas, tamén a de Reixa e a de Pereiro. E, antes xa o anunciábamos, está *Goma 2* como precursor do que acabou por ser o Bravú.

Mentres isto se cocía, no ano 1991 tivo lugar o primeiro concerto do que despois se transformaría no festival Rock in Cambre.

A este acontecemento musical do noso concello imos dedicar unhas liñas de xeito especial. Mais, seguindo a traxectoria xa marcada, deamos un repaso aos acontecementos máis relevantes desta década, pois os anos 90 tamén viñeron cargados de rock.

Un dos acontecementos máis relevantes da presenza do rock na Coruña tivo lugar entre os días 8, 9 e 10 de xullo de 1993 con motivo da organización do Concerto dos Mil Anos dentro do programa de actos do Xacobeo'93. Este evento movilizou un grandísimo número de xente, non só de público (arredor de 30.000 persoas no Estadio de Riazor que non tiveron inconveniente en pagar as 2.500 pesetas de entrada) senón tamén por parte da organización entre montaxe, seguridade, hostalaría, transportes, etc.

O cartel incluíu grandes figuras do rock clásico como Sting, Gary Moore, Chris Isaak, George Benson, Neil Young, The Kinks, Bob Dylan, Robert Plant, John Mayall, Neil Young, Eric Burdon, Brian Auger Band, Jerry Lee

Lewis, Bob Diddley, Wilson Pickett e Chuck Berry.

Cada grupo dispuxo dunha hora para tocar e, entre o público, segundo reflexa a prensa da época, puido verse xente dos coletivos máis variados: desde *neohippies* a *hippies* clásicos, representantes do *heavy metal*, *rockers* de tupé, os melenudos “anxos do inferno” e, sobre todo, os nostálxicos do famoso concerto de Woodstock.

O 10 de setembro de 1996 actuou o grupo de *hard rock* *Deep Purple* na Coruña ante un público formado por máis de 11.000 persoas. O “Club de adictos a *Deep Purple*”, con delegación na Coruña, foi o encargado de xestionar a venta das entradas do concerto. O representante do club, Joaquín Arenas Roca, destacaba do grupo que “no es ruidoso, siempre hizo un rock muy limpio, que los diferencia de otros grupos heavy”.

Dedicaremos agora unha parte deste repaso polo mundo do rock ás orixes do Rock in Cambre, que deu os seus primeiros pasos nesta década e que segue na actualidade cheo de vigor.

Os inicios do Rock in Cambre

O primeiro festival de rock de Cambre tivo lugar o 16 de agosto do ano 1991. A idea orixinal foi do grupo *Inadaptados*, formado por varios mozos cambreses amantes do rock. Eles, unha formación moi nova, incluían a gaita no seu repertorio, ademais dun baixo, guitarra rítmica, guitarra solista, batería e voces. O estilo dos *Inadaptados*, hoxe desaparecidos como banda, seguía o estilo do rock sureño, ao modo de velhas bandas como *Lynyrd Skynyrd*. A mestura da gaita conferíalle ás súas actuacións un estilo moi persoal.



Estes músicos, na súa maioría autodidactas, quixeron dar saída ás súas inquiredanzas artísticas organizando un primeiro encontro de música rock a principios dos 90 no que

participaron, ademais dos propios *Inadaptados*, os grupos *Malpaso* de Fene, *Sobrecarga* da Coruña e *Arde Siberia* do Temple.

Sen embargo, o xermolo desta iniciativa xa levaba latexando dentro do territorio cambrés uns anos. De feito, para atopar algún antecedenente deste festival temos que remontarnos ao ano 1982, cando se organizou un encontro musical en La Sociedad de Cecebre que reuniu, o 19 de marzo dese mesmo ano, a grupos de moda como *Blancanieves*, de Pontedeume, *T.N.T.*, *Ozono*, *Degenerador*, *Revólver* e o grupo betanceiro *Thor*, como xa falamos anteriormente. Algo estaba a cocerse na contorna, mais dun xeito aínda indeciso, inseguro.

Lembremos que no ano 1986, dera xa os seus primeiros pasos o Noroeste Pop Rock, o festival organizado polo Concello da Coruña que deixaba atrás o Concurso de Rock Cidade da Coruña. Seguindo esta liña cronolóxica, no municipio de Cambre deuse o salto definitivo finalmente no ano 91 grazas á tenacidade e perseverancia dos *Inadaptados* que, nos seus inicios, tiveron que loitar contra as dificultades propias dunha época en que os medios non ofrecían as facilidades de hoxe

en día para acceder ás bandas de rock, segundo conta Angel Sánchez, membro do grupo. Con tal motivo, valíanse de revistas de música e, sobre todo, asistían a concertos e máis concertos xa que este era o xeito de conseguir contactos, de coñecer grupos e bandas tanto locais como de renome, e ao mesmo tempo de darse a coñecer a si mesmos.

Cómpre destacar que as primeiras edicións do festival serviron para animar e motivar á xuventude a crear grupos propios e, aos que xa tiñan a súa banda, contribuíu a darlles visibilidade. Debemos sinalar que o rock, co seu carácter transgresor, rupturista e, en gran medida, provocador, non sempre era ben visto por todos os grupos sociais.

Pouco tempo despois, no ano 94, logo de organizar os primeiros festivais en solitario, os *Inadaptados* acabaron por verse respaldados polo Concello, que viu a efervescencia que causaba este estilo musical entre unha multitude de seguidores, nomeadamente a xuventude. Á colaboración do concello uníuse tamén a da Deputación da Coruña. Así se consolidou o Rock in Cambre con nome propio.

No ano 1999 estiveron no festival o grupo M Clan, que daquela cobrou a cantidade de 300.000 pesetas. Foi unha participación moi atinada porque nesa altura a banda estaba despegando con “Llamando a la Tierra” e no 2001 acadaría o éxito co famoso tema “Carolina”.

Dalgún xeito, o 2001 supuxo, segundo di Ángel, unha transición na historia deste festival. Ese ano viñeron a Cambre os grupos *Platero y Tú* e *Killer Barbies*, ademais *Hermacaos* e *Mallory*, e a mostra comezou unha liña ascendente e imparable que chega ata o día de hoxe.

Non debemos esquecer que o festival cambrés deu os seus primeiros pasos vencellado estreitamente ás festas patronais de Santa María e o seu reflexo en prensa non adquiriu entidade propia ata o inicio do novo século. Entón foi cando comezaron a aparecer grandes titulares destacando a importancia das bandas e grupos participantes e o festival, por fin, tivo reservado o seu tempo no calendario máis alá do programa de festas e a súa duración pasou de un a tres días.

Do ano 2000 en diante, en Cambre

Alguns dos grupos que pasaron por Cambre a partir do 2000 foron *Malvida*, *Os Maruxa*, *Buenas Noches Rose*, *Los Rastreros*, *My Criminal Psycholovers*, *M Clan*, *Los Enemigos*, *Platero y Tú* ou *Killer Barbies* e no 2002 dous dos grupos que estarán este ano 2018, *Siniestro Total* e *Herdeiros da Crus*. Entremedias, *Rosendo*, *Sex Museum*, *Obús*, *Reincidentes*, *Los Suaves* (no 2005 e no 2013), *Os Diplomáticos de Monte Alto* (no 2005 e no 2017), *Quinta Enmienda*, *Barricada*, *Rif Raf*, *Loquillo* (no 2007 e no 2014), *Ruxe Ruxe* (no 2007 e no 2017), *Gatillazo*, *Def don Dos*, *Hamlet*, *Barón Rojo* (no 2010 e no 2013), *Mago de Oz*, *Coyote Express*, *The Grit*, *Sober*, *Tregua*, *Los Enemigos* (que estiveron no 2000 e que repetiron no 2015), *Reincidentes*, *Sociedad Alcohólica*, *The Real Mcquenzies*, *The Pink Tones*, *Konflikto*, *Nao* e xa no 2017 o mítico *Drogas*.

Grandes bandas ás que se uniu, no ano 2012, o festival Brincadeira que se fusionou co Rock in Cambre e onde se puido escoitar o mítico grupo *Status Quo*.

En definitiva, a historia do Rock in Cambre ten unha traxectoria cargada de ritmo, de vivencias,

de variedade e, sobre todo, de ilusión: a ilusión dun grupo local que quixo crear un festival de música rock e que acabou facendo algo máis que iso, que chegou a facer historia.

Fronte a estes grupos recoñecidos a todos os niveis non podemos descoidar a presenza das bandas locais, que son as que fan que Cambre siga a ter un pouso fundamentalmente rockeiro, as que seguen a liña marcada no seu día polos *Inadaptados*, e que este ano están representadas con grupos como *The North Grooves*, *Destemplados*, *Sin City Devils*, *Ronin Wetsocks*, *Coyote...* Unha pequena selección de grupos, entre tantos outros, ata chegar á vixésimo sétima edición dun Rock in Cambre máis que consagrado.

OUTROS GRANDES MOMENTOS DO ROCK NA CORUÑA

O irlandés Van Morrison, coñecido como o “León de Belfast”, cautivou ao público coruñés (máis de dez mil seguidores) nunha actuación que tivo lugar o 6 de outubro de 2000 no Coliseum.

O 8 de xullo de 2001 Bill Wyman and *The Rythm Kings* estivo tocando na Coruña tamén.

Wyman foi baixista dos *Rolling Stones* durante 30 anos.

Os días 18 e 19 de decembro de 2001 a sala Mardigras acolleu a Mick Taylor, exguitarrista tamén de *The Rolling Stones* en dous concertos máis íntimos que os que habitualmente se organizaban en gran formato.

O 24 de maio de 2003 *Iron Maiden* tocou no Coliseum ante un grupo numeroso de fans.

O 18 de novembro de 2004 *Eric Burdon & The Animals*, actuaron no Coliseum. Atrás quedaba xa o Concerto dos Mil Anos.

No 2006 a Coruña apostou polo ciclo Rock Mariño, programa no que a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña trataba de dar pulo aos grupos locais repartindo ao longo de ano, de abril a novembro, diversos concertos en pubs e locais *ad hoc* da cidade herculina como o Garufa, o Forum Celticum, o Mardigras, As Vides e o Playa Club. Esta iniciativa non pasou do 2010 o que, segundo recordaba Francisco Gómez Seijo “Gandy” nunha entrevista para *La Voz* en 2011, o Rock Mariño “puso cordura y enseñó a hacer conciertos en tiempo y forma, de modo que se evitaban las quejas de los vecinos y las esperas para ver a un artista.

Fue una historia bonita que sirvió a muchos grupos locales a darse a conocer”.

Pouco despois, a cidade herculina acolleu tres grupos de renome no ano 2011, nun concerto que tivo lugar o 29 de xullo: *Motörhead*, *Judas Priest* e *Saxon*, exemplos claros do rock duro anglosaxón.

Bill Wyman and *The Rhythm Kings* estivo unha vez máis na Coruña, actuando en Palexco acompañado por unha banda de oito músicos, entre eles George Fame considerado un dos mellores organistas do mundo. Foi o 19 de xuño de 2012.

No ano 2017 volveu John Mayall á Coruña, concretamente o 15 de febreiro, para tocar no Palacio da Ópera. Estivera xa no ano 93 cando se celebrara o gran Concerto dos Mil Anos.

Para rematar con esta memoria cronolóxica, da nosa comarca quedámonos coa actuación de Ringo Star, batería da particular banda inglesa *The Beatles*. Este acontecemento tivo lugar o 29 de xuño de 2018.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Quizás habería que rematar esta mirada cara o pasado e os inicios do rock na Coruña, Cambre e na comarca cos ollos do presente. Que representa

este estilo hoxe en día? Que novas experiencias se poden sacar del? Cal é o seu futuro? Pódese facer hoxe rock coma o de hai 30 anos con letras tan gamberras e tan provocadoras? Que máis se pode engadir ao que xa está feito?

Falando con Nonito Pereira e con Xosé M. Pereiro sacamos a conclusión de que o rock tivo o seu momento de esplendor, intenso e cargado de experiencias e de novidade, de descubrimentos. Inventar novas formas de rock non é doado, pois como forma musical é algo moi sinxelo e todas as combinacións posibles foron xa experimentadas. Velaquí o reto que lles queda ás novas xeracións, máis alá dos tributos.

O sentido do rock como entidade reivindicativa e transgresora, co seu carácter “mesiánico”, xa non ten cabida. Queda aínda ese espírito en certas zonas e culturas africanas porque a música vai unida á reivindicación e á tradición. Dalgún xeito, en occidente o rock como expresión cultural foi xa asimilado polo sistema.

Son os xiros que dá a vida e a sociedade: os modos de liberdade cambian, mudan. Dos tempos do fin da ditadura pasouse a un momento de

expresión desatada que hoxe en día volve a estar en tela de xuízo. As letras das cancións dos anos 80 e aínda dos 90 non poderían ser escritas a día de hoxe e, de ser escritas, non poderían ser cantadas sen consecuencias. Unida á chamada “lei mordaza” está a censura do politicamente correcto, motivada por un código non escrito pero que semella estar pactado socialmente a través dun grande número de colectivos.

É certo que os vellos rockeiros nunca morren. E como mostra velaquí seguen os grupos míticos, os de toda a vida, os que cautivan aos novos rockeiros: na Coruña, *Radio Océano*, *Os Diplomáticos de Monte Alto* e, máis alá, *Siniestro Total*, *Os Resentidos*, *Os Herdeiros da Crus* e un longo etcétera. O panorama musical de Galicia, en materia de rock, está cheo de bandas e grupos que tiveron unha maior ou menor transcendencia ao longo do tempo e forman xa, sen dúbida algunha, parte da historia e dun *corpus* do rock galego con identidade propia: un rock que provoca sensacións, un rock que emociona.

AGRADECIMENTOS

Xosé Manuel Pereiro
Nonito Pereira Jr.
Xurxo Souto
Angel Sánchez

BIBLIOGRAFÍA

CASAL, Alberto (1995): *¿Rock & Grelas?* Lea Supernova, Santiago.
REGO, Fernando F. (2000): *50 anos de pop, rock e malditismo na música galega*. Toxosoutos, A Coruña.
VALIÑO, Xavier (1999): *Rock Bravú: a paixón que queima o peito*. Xerais, Vigo.

